

## ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2024 RENOVACIÓN PARCIAL

Segundo a Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, deben renovarse parte dos representantes do Consello Escolar deste centro.

De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), **corresponde renovar no presente proceso electoral a 2 pais/nais/titores-as legais, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.** A outra representante de pais/nais/titores-as legais continúa como consecuencia da súa elección anterior, no ano 2022.

O Consello Escolar é o instrumento de participación na vida escolar de todos os membros da comunidade educativa. No noso centro está composto por:

- 3 representantes de pais/nais/titores-as legais.
- 4 representantes de alumnos/as.
- 7 representantes de profesores/as.
- 1 representante de Persoal de Administración e Servizos (PAS).
- 1 representante do Concello de Vila de Cruces.
- Director/a.
- Xefe/a de Estudos.
- Secretario/a do Centro (con voz pero sen voto).

### Elección dos representantes dos pais/nais/titores-as legais do alumnado

En virtude do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario, o procedemento de elección, constitución, renovación, substitución e funcionamento dos órganos colexiados de goberno é o seguinte:

- A representación dos pais e nais do alumnado no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais, independentemente do número de fillos ou tutelados escolarizados no centro. **O dereito a elixir e ser elixido correspóndelles ó pai e á nai, ou, se é o caso, ós titores legais, ordinarios ou persoa que ostente a garda e protección do menor.**

- A elección producirase entre os/as candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais, nais ou titores legais, ordinarios ou persoas que ostenten a garda e protección designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A xunta deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.
- A mesa electoral encargarse de presidi-la votación, conserva-la orde, velar pola pureza do sufraxio e realiza-lo escrutinio.
- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro, propostos por cada unha das asociacións de pais de alumnos existentes no mesmo ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.
- O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, alomenos, de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte do colectivo anteriormente citado.
- O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acredita-la súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta **un só nome da lista de candidatos e candidatas**, ao corresponder elixir menos de tres representantes de pais, nais ou titores legais, ordinarios ou persoas que ostenten a garda e protección do menor, respectivamente.
- A elección realizarase nun horario que permita a maior participación electoral.

**O proceso dará comezo o venres 18 de outubro ás 11.30 h coa celebración do sorteo público dos membros que constituirán a Xunta Electoral**, órgano encargado de supervisar as eleccións. Para máis información, os pais/nais pode dirixirse á Dirección do Centro.